



CONCELLO DE ARANGA

ACTA Nº 2019/11

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALA DE SESIÓNS DA CASA DO CONCELLO, XOVES 27 DE XUÑO DE 2019 -

No día de hoxe, ás 13:00 horas, baixo a presidencia do alcalde , reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

ALBERTO PLATAS ALVAREZ

ASISTEN:

PP

EVA MARIA SANCHEZ BRAÑAS

JOSÉ MIGUEL IGLESIAS ARES

DIEGO VAZQUEZ GARCIA

AMPARO RIVAS PENA

PSOE

SANDRA PENA BARBEITO

CARLOS PLATAS ROCHA

MANUEL SANCHEZ CARRO

RUBEN GARCIA VIDAL

AUSENCIAS:

SECRETARIA:

ANA MARIA OCAMPO PEREZ GOROSTIAGA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

O Alcalde, Alberto Platas Álvarez , pregunta se algún membro do pleno municipal quere formular algunha observación ao borrador da acta das sesión anterior que foi previamente distribuido coa convocatoria.Non formulándose observacións queda aprobada a acta da sesión plenaria constitutiva do 15 de xuño de 2019 , por unanimidade dos membros do pleno.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE ARANGA

2.- INFORME DE CONSTITUCIÓN DE GRUPOS POLÍTICOS E NOMEAMENTO DE PORTAVOCES.

Dáse conta da constitución dos grupos políticos e os seus portavoces, mediante escritos presentados por ambos grupos políticos:

- Grupo Municipal do Partido Popular, integrado por : Alberto Platas Álvarez (Alcalde), Eva María Sánchez Brañas, Jose Miguel Iglesias Ares , Diego Vázquez García, e Amparo Rivas Pena. Portavoz: Alberto Platas Álvarez. Suplente: Eva María Sánchez Brañas.

- Grupo Municipal do Partido Socialista e Galicia-PSOE , integrado por: Sandra Pena Barbeito, Carlos Platas Rocha, Manuel Sánchez Carro e Rubén García Vidal.. Portavoz: Sandra Pena Barbeito. Suplente: Carlos Platas Rocha.

3.- ADOPCIÓN DE ACORDO EN RELACIÓN CO RÉXIME DE SESIÓNS PLENARIAS MUNICIPAIS.

Pola Alcaldía dáse lectura a súa proposta:

“Logo de que se constituíu a nova Corporación, na sesión do día 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións municipais que se realizaron o día 26 de maio, de conformidade co disposto no artigo 38 e 86 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, procede determinar o réxime de realización das sesións ordinarias do pleno.

Para estes efectos, o artigo 46.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, establece a periodicidade mínima da celebración das sesións ordinarias para este Concello, de menos de 5000 habitantes, cada tres meses e o artigo 210.2.a) da Lei 5/1997 de de 22 de xulio de Administración Local en Galicia, establece unha periodicidade de dous meses para a celebración das sesións ordinarias, tendo en conta en conta que o dito artigo non contradice se non que complementa o artigo 46.2 da Lei 7/1985 .

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE ARANGA

A vista do exposto propoño ao Pleno Municipal, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Que o Pleno Municipal do Concello de Aranga celebre sesión ordinaria o último mércores de cada bimestre, as trece horas, na sala de sesións da Casa do Concello, na primeira convocatoria, celebrándose a primeira sesión ordinaria no mes de agosto de 2019.

Segundo: Se concorresen causas xustificadas ou si coinciden con algunha festividade, o Alcalde queda facultado para alterar a data de celebración da sesión ordinaria, podendo adelantarse ou atrasarse a súa celebración nun intervalo máximo dunha semana.

Terceiro: O pleno celebrará sesións extraordinarias cando sexan convocadas motivadamente polo Alcalde, por iniciativa propia ou a solicitude da cuarta parte, alo menos, do número legal de membros da corporación e extraordinarias e urxentes cando non se poda, debido a urxencia do asunto a tratar, convocar a sesión extraordinaria coa antelación mínima requerida. Celebraríanse, preferiblemente, as trece horas de calquera día hábil da semana.

Aranga, a 18 de xuño de 2019. O ALCALDE: Asdo: Alberto Platas Álvarez."

Pola portavoz do grupo socialista presentase a seguinte proposta :

"Que a vista do disposto nos artigos 88,90 e concordantes do RD 2568/1986 de 28 Nov.(Regl.de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais) e para dar efectivo cumprimento ós mesmos, en aras a facilitar a asistencia dos veciños e veciñas os plenos así como a dos propios integrantes da Corporación Municipal, o Grupo Municipal Socialista ven a propoñer se fixe como día de celebración dos Plenos Municipais ós sábados ás 12:00 horas, ou subsidiariamente, calquera día hábil da semana ás 20:00 horas.

Polo exposto, Solicito a este concello teña por presentado este escrito, o admita e de conformidade co mesmo, teña por proposto o horario dos plenos antes indicado.



CONCELLO DE ARANGA

O que se pide en Aranga, a 18 de xuño de 2019. Asdo. Sandra Pena Barbeito.”

Tralo debate, expoñendo o alcalde que pensa que a súa proposta es acertada porque a hora proposta non parte nin a mañán nin a tarde e coincide coa hora que se dedica a comer, e tendo en conta que algúns concelleiros non poderían asistir a outras horas, sendo este o motivo polo que fai a porposta, e sometida a votación, queda aprobada a proposta da alcaldía por cinco votos a favor do partido popular e catro votos en contra do partido socialista.

4.- ACORDO DE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS MUNICIPAIS: COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E PERMANENTE DE ECONOMÍA E FACENDA, COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E COMOISIÓN INFORMATIVA DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS.

O alcalde, Alberto Platas Álvarez, procede á lectura da súa proposta:ç

“Constituída a nova Corporación , na sesión de fecha 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións municipais celebradas o día 26 de maio, de conformidade co previsto no artigo 38 do Regulamento de Organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, procede determinar a creación e composición das comisións informativas permanentes.

Vistos os artigos 20.1.e) da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen local así como os artigos 123 a 127 e 134 a 138 do Regulamento de Organización, funcionamento e réximen xurídico das Entidades Locais.

Considerando que nos concellos de menos de 5000 habitantes existiran comisións informativas, encargadas do estudo, informe e consulta dos asuntos sometidos á decisión do pleno cando así o acorde o pleno municipal ou o estableza o seu regulamento orgánico, sendo competencia do pleno municipal a súa creación e denominación, así como do réxime das sesións e a súa composición, levantándose acta de cada sesión debendo desinar o alcalde quen actuará como secretario das sesións das distintas comisións,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE ARANGA

sendo presidente nato de todas elas o alcalde que poderá delegar a súa presidencia a claquera dos membros propostos pola comisión.

Tendo en conta que a única Comisión informativa de carácter obrigatorio é a Comisión Especial de Contas debendo axustarse ao establecido en canto a súa constitución, composición, integración e funcionamento das demais.

Tendo en conta que a dita Comisión Especial de Contas poderá actuar como comisión inforamtiva permanente para a asuntos relativos á economía e facenda da Corporación.

Tendo en conta que as Comisións informativas poden ter carácter permanente ou especial, constituíndose as primeiras con carácter xeral nas materias que sometan ao pleno municipal.

En aras de unha maior celeridade e atendendo ao interes público, esta Alaldia propón ao pleno municipal, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Que se aprobe a creación da **Comisión Especial de Contas** e lle corresponda o examen, estudio e informe de todas as contas , orzamentarias e no orzamentarias, que deban ser aprobadas polo Pleno da Corporación. Esta Comisión actuará como **Comisión informativa permanente de economía e facenda**, en asuntos relativos a economía e facenda da entidade.

Segundo : En canto aos seus membros, e a efectos de dar cumprimento ao requisito da proporcionalidade previsto no artigo 125.b) do Regulamento, se propón que formen parte da mesma , ademáis do alcalde presidente nato, dous concelleiros do Partido Popular e dous do Partido Socialista .

Terceiro: Que se aprobe a creación da Comisión Informativa de Urbanismo para o estudo , informe , ditame e consulta dos asuntos relativos ao Plan Xeral de Ordenación Municipal de Aranga , tales como o informe previo ás modificacións que se plantexen, propostas de acordos e cantos asuntos relatios ao urbanismo decida someter ao seu coñecemento a alcaldía.

Cuarto: A os efectos de dar cumprimento ao requisito de proporcionalidade previsto no artigo 125.b) do citado Regulamento,



CONCELLO DE ARANGA

proponse que formen parte da mesma , ademáis do alcalde presidente nato,un concelleiro do Partido Popular e un do Partido Socialista .

Quinto: Que se cree a Comisión Informativa de Subvencións Municipais para o estudo , informe e consulta dos asuntos relativos as subvencións municipais , tales como o informe previo á convocatoria anual de subvencións, estudo e valoración das solicitudes e elaboración da proposta de concesión.

Sexto: A os efectos de dar cumprimento ao requisito de proporcionalidade previsto no artigo 125.b) do citado Regulamento, proponse que formen parte da mesma, ademáis do alcalde presidente nato,un concelleiro do Partido Popular e un do Partido Socialista .

Sétimo: Se ben o Alcalde e o Presidente nato das comisións, a presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación que propoña a propia Comisión, previa elección no seu seno.

Oitavo : A tenor do disposto no artigo 134 do Regulamento, propoño que se estableza que as sesións da comisión se celebren coa antelación necesaria para informar dos asuntos que se deban tratar no pleno, nos días e horas que se establezan en cada caso.

Aranga, a 18 de xuño de 2019.O ALCALDE :Asdo. Alberto Platas Álvarez.”

Pide Sandra Pena Barbeito a palabra e dí que , respecto da Comisión Municipal de Urbanismo, que o urbanismo constitúe un tema complexo e considera que sería máis operativo e productivo establecer a representación de dous concelleiros de cada grupo político na dita comisión. Ademáis aproveita para pedir que vos acordeis de convocar a dita comisión cando sexa necesaria.

Se acepta unánimemente a proposta de Sandra Pena Barbeito.

Sometida a votación a proposta da alcaldía, modificada en canto a composición da Comisión Municipal de Urbanismo recollendo a proposta de Sandra Pena Barbeito, queda aprobada por unanimidade dos membros do pleno.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE ARANGA

Así a composición das Comisións informativas será a seguinte: Presidencia :
Alcaldía.

Comisión especial de Contas e permanente de economía e facenda : dous
concelleiros do grupo popular e dous concelleiros do grupo socialista.

Comisión Municipal de Urbanismo: dous concelleiros do grupo popular e
dous concelleiros do grupo socialista.

Comisión Municipal de Subvencións Municipais: un concelleiro do grupo
popular e un concelleiro do grupo socialista.

Fáise constar que a adscripción concreta a cada Comisión realizaráse
mediante escrito do portavoz de cada grupo dirixido ao alcalde, do que se
dará conta ao pleno, poidendo desinarse un suplente por cada titular. Os
integrantes do pleno municipal quedan enterados, manifestando que se dan
por notificados.

5.- ACORDO DE CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

A alcaldía procede á lectura da súa proposta:

“Constituída a nova Corporación , na sesión de fecha 15 de xuño de 2019,
como consecuencia das eleccións municipais celebradas o día 26 de maio,
e logo de ver o artigo 20.1.b) da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das
Bases do Réximen Local e do artigo 35 do Regulamento de Organización,
funcionamento e réximen xurídico das entidades locais, aprobado por Real
Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, que establecen que a Xunta do
Goberno Local existe nos Concellos de máis de 5000 habitantes e, nos de
menos, cando así o estableza o seu Regulamento Orgánico ou ó acorde o
pleno municipal.

Considerando que neste Concello, para unha máis áxil e eficaz actuación, se
considero conveniente dispoer da Xunta do Goberno Local, é polo que
propoño a o Pleno Municipal:

Primeiro :Que a organización municipal se continúe completando coa
Xunta do Goberno Local, que estará integrada polo Alcalde que a presidirá
e un número de Concelleiros non superior ao tercio do número legal de



CONCELLO DE ARANGA

membros da Corporación, concretamente tres , que serán nomeados e separados libremente polo Alcalde,dando conta ao Pleno Municipal.

Segundo: A Xunta do Goberno local asiste permanentemente ao Alcalde no exercicio das súas atribucións e exercerá as atribucións que le deleguen o Alcalde e o Pleno Municipal asi como as atribucións que expresamente le atribúan as leis.

Aranga, a 18 de xuño de 2019.O ALCALDE :Asdo: Alberto Platas Álvarez.”

O alcalde defende esta proposta en base a axilidade que se adquire na tramitación dos expedientes.

Sandra Pena Barbeito manifesta que o seu grupo é contrario á existencia deste órgano municipal. En primeiro lugar porque non se trata dun órgano preceptivo, segundo establece a lexislación, e ademáis se lle delegan competencias do pleno municipal, privando de potestades sobre diversas cuestións que son competencia do pleno municipal. Por esto o seu voto será contrario a súa creación.

O Alcalde contestalle que se lles remiten as actas das sesións da Xunta de Goberno Local a todos os concelleiros, para informarlles dos asuntos que se tratan.

Sandra Pena Barbeito solicita que as actas da Xunta de Goberno Local se lles remitan no prazo marcado na lei e solicita igualmente que se les avise dos asuntos que se traten nas sesións deste órgano por delegación do pleno, a efectos de poder asistir a sesión.

O alcalde contestalle que atende esta solicitude e se lles dará aviso para facilitar a súa asistencia as sesións nas que se traten asuntos delegados, sen prexuício da publicación da convocatoria na web.

Sometida a votación a proposta da alcaldía, queda aprobada por cinco votos a favor do grupo popular e catro en contra do grupo socialista.

6.- DELEGACION DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

O alcalde procede á lectura da súa proposta:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE ARANGA

“Razóns de eficacia e maior celeridade na resolución de asuntos de interese público, fan aconsellable que o pleno desta corporación municipal delegue na xunta de goberno local determinadas atribucións que ten legalmente asinadas como delegables.

Considerando o establecido nos artigos 22.4 e 47.2 da lei 7/1985 de 2 de abril , reguladora das bases do réxime local, e os artigos 51 e 114 e seguintes do Real Decreto 2568/1986 de 26 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e e Réxime xurídico das Entidades Locais , propónse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro :O pleno municipal delega na xunta de goberno local as atribucións previstas no artigo 22 da Lei reguladora das bases do réxime local, excepto as excluídas expresamente no apartado 4 do dito artigo, segundo a redacción dada pola lei 11/1999 do 21 de abril.Delega polo tanto , as seguintes competencias:

- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materia de competencias plenas
- A declaración de lesividade dos actos do concello
- A concertación das operacións de crédito cuxa cuantía acumulada , dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento,- salvo as de tesorería que le corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere el 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior) todo isto de conformidade co disposto na lei reguladora das facendas locais.
- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación e concesión, e cando non esten previstos no orzamento.

Segundo: Delegar, de conformidade co establecido no artigo 61.2 da lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público Texto refundido da lei de contratos do sector público aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro , as competencias asinadas ao pleno municipal no apartado segundo da disposición adicional segunda do dito texto refundido , e dicir, a competencia como órgano de contratación respecto

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE ARANGA

dos contratos de obras, suministros, servizos , contratos de concesión de obras e servizos e contratos administrativos especiais , cando o seu valor estimado supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento ou os seis millóns de euros , incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración sexa superior aos catro anos, sempre que o importe acumulado das súas anualidades supere o porcentaxe indicado, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio na cuantía sinalada.

Terceiro :A delegación incluí todas as facultades que ten o pleno municipal.

Cuarto:O presente acordo surte efectos dende o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuício da súa publicación no Boletín Oficial da provincia e na páxina web do concello.

Aranga, 18 de xuño de 2019.O Alcalde :.Asdo:Alberto Platas Álvarez “

Sometida a votación a proposta queda aprobada por cinco votos a favor do grupo Popular e catro en contra do grupo Socialista.

7.- NOMEAMENTO DOS REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NOS ÓRGANOS COLEXIADOS DOS QUE FORME PARTE.

Se procede á lectura das seguintes propostas da alcaldía:

“Constituída a nova corporación municipal con data de 15 de xuño de 2019 , como consecuencia das eleccións municipais celebradas o día 26 de maio, de conformidade co previsto no artigo 38 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, procede o nomeamento dos representantes da Corporación nos órganos colexiados que sexan competencia do pleno municipal.

A tal efecto, veño a propoñer:

Que se desine como representante da Corporación no **Consello Escolar do Centro de Enseñanza Infantil e Primaria da Castellana**, a D^a.Eva María Sánchez Brañas e como suplente da mesma a D. .Alberto Platas Alvarez .

Aranga, 19 de xuño de 2019.O alcalde :Asdo:Alberto Platas Álvarez”

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE ARANGA

“Constituída a nova corporación municipal con data de 15 de xuño de 2019 , como consecuencia das eleccións municipais celebradas o día 26 de maio, de conformidade co previsto no artigo 38 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, procede o nomeamento dos representantes da Corporación nos órganos colexiados que sexan competencia do pleno municipal.

A tal efecto, veño a propoñer:

Que se desine como representante da Corporación na **Xunta Directiva da Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos e da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo** a D.Alberto Platas Álvaerz e como suplente do mesmo a D^a.Eva María Sánchez Brañas.

Aranga, 19 de xuño de 2019.O alcalde :Asdo:Alberto Platas Álvarez.”

Sometidas a votación as dúas propostas, quedan aprobadas por cinco votos a favor do grupo Popular e catro abstencións do grupo Socialista.

8.- ACORDOS DE CONTIDO ECONÓMICO: RÉXIME DE DEDICACIÓNS, ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS.

O alcalde procede á lectura da súa proposta:

“Constituída a Corporación Municipal para o mandato 2019/2023 , logo de ver o artigo 75.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local, que establece a posibilidade de que os membros das Corporacións Locais desempeñen os seus cargos con dedicación exclusiva ou parcial, sendo nestos casos dados de alta no réxime xeral da Seguridade social asumindo a corporación o pago das cuotas empresariais que correspondan.

Tendo en conta o volume de servizos, actividades e expedientes de diversa natureza nesta corporación, faise necesario, para o seu adecuado seguimento e atención específica, vistos os artigos 75, 75 bis e 75 ter da lei 7/1985 de 2 de abril, é polo que propoño ao pleno municipal, a adopción do seguinte acordo:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE ARANGA

Primeiro: Que quede afecto ao réxime de dedicación exclusiva o cargo de Alcalde -Presidente . As súas retribucións serán as fixadas nas Bases de execución do orzamento: 35.700,42 € divididos en catorce mensualidades.

Segundo: Que os seguintes cargos teñan asinada unha dedicación parcial , coas seguintes cuantías divididas en catorce mensualidades:

CARGO CON DEDICACIÓN	PARCIAL AL %	IMPORTE TOTAL
1ºTeniente de Alcalde /Concelleiro delegado	85	24.206,42
2ºTeniente de Alcalde / Concelleiro delegado	50	14.241,92

Terceiro: As cantidades asinadas deberán actualizarse segundo o establecido para os funcionarios na lei de orzamentos xerais do estado para cada ano.

Cuarto: Os cargos con dedicacións serán dados de alta a no Réximen Xeral da Seguridade Social cun código de cotización distinto (cargo con dedicación parcial) asumindo o Concello as cuotas empresariais que lle correspondan , dende a súa toma de posesión , nomeamento ou desinación .

Quinto: Para a efectividade deste acordo se require a aceptación expresa por parte das persoas que ocupan os cargos que teñen asinada á dedicación.Se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no portal de transparencia.

Sexto : Os membros da Corporación que non desempeñen cargos con dedicación percibirán, pola concurrencia efectiva as sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, a cantidade de 70,00 € pola concurrencia efectiva ás sesións de calquera dos órganos colexiados, modificandose a correspondente base das de execución do orzamento.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE ARANGA

Sétimo: As indemnizacións por gastos efectivos ocasionados no exercicio dos distintos cargos reguláanse polas regras de aplicación xeral nas Administracións Públicas, constituídas polo Real Decreto 462/2002 de 24 de maio , Orde do 8 de novembro de 1994 e Resolución de 2 de decembro de 2005.

Aranga, a 20 de xuño de 2019.O Alcalde :Asdo:Alberto Platas Álvarez.”

Dí o alcalde que de momento o réxime de dedicacións e retribucións se manteñen exactamente igual que estaban.

Sandra Pena Barbeiro preguntalle que quere dicir con “de momento” ao que o alcalde respondelle que é unha forma de falar que non encerra ningunha picaresca.

Dí Sandra Pena Barbeito que lle parece desproporcionado o réxime proposto. Somos un concello de menos de 2000 habitantes e discrepamos de que as arcas municipais teñan que soportar un gasto que acada, engadindo a seguridade social, os 100.000 € anuais. Engade que tedes potestades e maioría para aprobalo pero estamos en desacordo.

O alcalde, Alberto Platas Álvarez contestalle que a lei o permite . Non é algo ilegal. Creo que esta perfectamente xustificado o traballo dos tres cargos. A atención diaria efectiva aos veciños é necesaria e é lóxico e lícito que se cobre por esto.

Sandra Pena Barbeito dí que sabe que a lei o permite pero insiste en que é desproporcionado para o tipo de concello que é Aranga, de menos de dous mil habitantes, sobre todo se o comparamos cos concellos limítrofes con características similares nos que non se da este gasto.

O Alcalde dille que efectivamente temos poucos habitantes pero temos unha gran extensión territorial.Os veciños nos teñen manifestado que o concello funciona mellor dende que hai cargos de concellerios con dedicación, pola atención directa aos problemas veciñais e por isto mantén a súa proposta.

Sometida a votación, queda aprobada a proposta da alcaldía por cinco votos a favor do grupo Popular e catro en contra do grupo socialista.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE ARANGA

9. TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA:

-Nomeamento dos Tenientes de Alcalde

-Nomeamento dos membros da Xunta de Goberno local e delegación na mesma de competencias da alcaldía

-Presidencia e Secretaría das Comisións Informativas Municipais

-Nomeamento dos concelleiros delegados

-Asinación de dedicacións.

Pola secretaría dáse lectura ás seguintes Resolucións da alcaldía:

“DECRETO DE NOMEAMENTO DOS TENIENTES DE ALCALDE DA CORPORACIÓN 2019-2023.

EXPEDIENTE:2019/G003/000262.

ANTECEDENTES

Constituída a nova Corporación na sesión de 15 de xuño de 2019 e sendo necesaria a designación dos Teneintes de Alcalde de conformidade co disposto no artigo 20.1.a) da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do réxime local.

Logo de ver os artigos 21.2 da Lei 7/1985, o artigo 22 do Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado polo Real Decreto 781/86 de 18 de abril e o artigo 46 do Regulamento de Organización, funcinamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado Real Deceto 2568/86 de 28 de novembro,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local,

RESOLVO:

Primeiro: Nomear aos seguintes concelleiros , e polo orde que se indica, Tenientes de Alcalde do concello de Aranga:

Primeiro Teniente de Alcalde: D^a.EVA MARÍA SÁNCHEZ BRAÑAS

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE ARANGA

Segundo Teniente de Alcalde: D.JOSE MIGUEL IGLESIAS ARES

Terceiro Teniente de Alcalde: D.DIEGO VÁZQUEZ GARCÍA

Segundo: De conformidade co artigo 23.3 da Lei Reguladora das Bases do réxime local e artigo 47.1 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, os Tenientes de Alcalde substituirán ao Alcalde, polo o seu orde de nomeamento e na totalidade das súas funcións, nos supostos de ausencia, enfermidade ou impedimento e previa expresa delegación ao efecto.

A substitución do alcalde produciráse igualmente nos casos de vacante ata que tome posesión o novo alcalde, e nos casos en que se produza unha ausencia do termo municipal por máis de vinte e catro horas sen haber efectuado a delegación expresa, substituíndole en todas as súas funcións.

Terceiro: Notificar persoalmente aos desinados o seu nomeamento , a efectos da súa aceptación do cargo, e insertar o correspondiente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da casa consistorial e na páxina web do concello.

Produce a aceptación tácita do cargo se o nomeado, en tres días hábiles , non manifesta expresamente a súa non aceptación.

Cuarto: Dar conta ao pleno municipal na próxima sesión organizativa que se celebre.

Quinto: Os nomeamentos efectuados serán efectivos dende o día seguinte á data da Resolución e ata o momento do cese, renuncia expresa o perda da condición de membro da Xunta de Goberno Local.

En Aranga, mércores 19 de xuño de 2019.O Alcalde-Presidente :Alberto Platas Álvarez.”

“RESOLUCIÓN DE NOMEAMENTO DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, RÉXIME DE SESIÓNS E COMPETENCIAS.

EXPEDIENTE: 2019/G003/000268.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE ARANGA

ANTECEDENTES

De conformidade coa posibilidade prevista no artigo 20.1.b) da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réximen Local e 35.2.d e 112 e seguintes do Real Deceto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, e por razóns de maior garantía do interese público, para conseguir maior eficacia e consenso , propónse a creación da Xunta de Goberno Local.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local,

RESOLVO:

Primeiro : Que a Xunta do Goberno Local, presidida por esta Alcaldía, este integrada por Tres Concelleiros, número non superior ao tercio do número legal de membros da Corporación, e que son :

Primeiro Teniente de Alcalde: **D^a.Eva María Sánchez Brañas**

Segundo Teniente de Alcalde: **D.Jose Miguel Iglesias Ares**

Terceiro Teniente de Alcalde: **D. Diego Vázquez García**

Segundo: Á Xunta de Goberno Local así integrada e baixo a presidencia desta Alcaldía, terá asinadas as seguintes atribucións, segundo o establecido nos artigos 23 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réximen Local e o artigo 43 e 53 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto legislativo 2568/1986 de 28 de novembro:

1º.- A Asistencia permanente ao Alcalde no exercicio das súas atribucións a tenor do disposto no artigo 23 .2.a) da Lei Reguladora das Bases do Réximen Local e o artigo 53 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais.

2º.- As atribucións que esta Alcaldía delega de forma expresa, e que son :

a)- Dispoer gastos dentro dos límites da súa competencia e ordear pagos así como a aprobación das facturas que correspondan ao desenvolvemento normal

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE ARANGA

do orzamento a partir da cuantía de 5.000,00 €, salvo casos de urxencia xustificada na que corresponderá ao Alcalde dando conta a Xunta do Goberno na primeira sesión que se celebre.

b)- Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e a plantilla aprobada polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.

c)- Aprobar os instrumentos de planeamento de desenvolvemento xeral non expresamente atribuídos ao pleno, así como os dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

d)- Sancionar as faltas de desobediencia á autoridade do alcalde ou pola infracción das ordenanzas municipais, salvo os casos en que esta atribuída esta facultade a outros órganos.

e)- As contratacións e concesión de toda clase de obras, servizos, suministros, concesión de obras e servizos e contratos administrativos especiais cando o seu importe supere os 5.000,00 € e non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento ni, en calquera caso, os seis millóns de euros, incluídas as de carácter plurianual, cando a súa duración non sexa superior dos catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as anualidades non supere o porcentaxe indicado, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, ni a cuantía indicada, conforme ao disposto na disposición adicional segunda da lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.

f)- A aprobación dos proxectos de obras e dos servizos cando sea competente para a súa contratación ou concesión e estén previstos no orzamento.

g).- A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non supere o dez por cento dos recursos ordinarios do orzamento ni os tres millóns de euros, así como a enaxenación do patrimonio que non supere o porcentaxe nin a cuantía indicada.

h)- O otorgamento de licencias de obra ou de actividade ou de apertura, salvo que a Leis sectoriais o atribúan ao pleno.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE ARANGA

- i)- A aprobación de certificacións de obras
 - j)- A resolución dos recursos de reposición que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas.
 - k)- As Devolucións de fianzas de todo tipo de contratos ,concesiones, actuacións, licenzas ou permisos de asuntos competencia da Xunta de goberno local.
 - l)- As demais que expresamente le atribúan as leis.
- 3º.- As competencias que lle delegue o pleno municipal.
Queda derogada expresamente a Resolución do 26 de xuño de 2015.

Terceiro: Todo o anterior sen prexucio das avocacións que poida dispoer a Alcaldía mediante resolución formal segundo establece o artigo 10 da lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

Cuarto: A Xunta do Goberno Local celebrará sesión constitutiva no prazo de dez días dende a resolución da desinación dos seus integrantes , as trece horas, de conformidade co artigo 112.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986 de 18 de novembro.

Quinto: A periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de goberno loacal será quincenal , celebrándose os días 15 e 30 da cada mes, as trece horas, excepto o mes de febreiro que será o día 28. Cando dichos días coincidan en festivo o en día inhábil, se celebrará sesión ordinaria o día hábil seguinte.

Sexto: Da presente Resolución dárase conta ao pleno na primeira sesión organizativa que se celebre e publicaráse no Boletín Oficial da Provincia e notificaráse persoalmente aos designados para a súa aceptación.

En Aranga, xoves 20 de xuño de 2019.O Alcalde-Presidente :Alberto Platas Álvarez.”

“RESOLUCIÓN RELATIVA Á PRESIDENCIA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS E RÉXIME DE FUNCIONAMENTO.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE ARANGA

EXPEDIENTE:2019/G003/000266

ANTECEDENTES

Ao abeiro do que dispón o artigo 125 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, e en relación coa presidencia da Comisión Informativa Especial de Contas e Permanente de Ecomía e Facenda, da Comisión Informativa de Subvencións Municipais e da Comisión Informativa de Urbanismo,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local,

RESOLVO:

Primeiro: Como presidente nato das Comisións Informativas , manter a presidencia das mesmas, sen delegar en ningún membro da corporación.

Segundo: Desinar secretario das Comisións Informativas Municipais á que o es da corporación, D^a.Ana María Ocampo Pérez-Gorostiaga, e como suplente a D.Jose Vázquez Santé.

Terceiro: As sesións das diferentes Comisións Informativas se celebrarán coa antelación necesaria para informar dos asuntos que se deban tratar no pleno municipal, as trece horas nos días que se indiquen en cada caso.

Cuarto: Dar conta ao pleno municipal, do contido desta resolución, inidicando que a adscripción concreta a cada comisión se realizará mediante escrito do Portavoz de cada grupo dirixido ao alcalde , poidendo desinar un suplente por cada titular, do que se dará conta ao pleno na seguinte sesión que se celebre.

En Aranga, xoves 20 de xuño de 2019.O Alcalde-Presidente :Alberto Platas Álvarez.”

“RESOLUCIÓN SOBRE DELEGACIÓNS XENÉRICAS SOBRE MATERIAS.

EXPEDIENTE:2019/G003/000270

ANTECEDENTES

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE ARANGA

De conformidade coas facultades que me confire o artigo 23 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local e os artigos 43,44 e 45 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, e tras as eleccións municipais do 26 de maio de 2019, constituída a Corporación en sesión de fecha 15 de xuño de 2019,

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local,
RESOLVO:

Primeiro : Efectuar as seguintes delegacións xenéricas , respecto das materias ou áreas que se especifican, a favor dos concelleiros que se indican:

MATERIAS	CONCELLEIRO/A
Cultura, Deportes, Servizos Sociais e Igualdade	Eva María Sánchez Brañas
Obras municipais	Jose Miguel Iglesias Ares

Segundo: Esta delegación abarca as facultades de dirección, organización interna e xestión dos correspondentes servizos e actividades incluídos no ámbito de actuación, con exclusión da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros na delegación efectuada ao concelleiro delegado de Obras municipais pero incluíndo a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros na delegación efectuada á concelleira delegada de Cultura, Deportes, Servizos Sociais e Igualdade.

Terceiro: As delegacións conferidas requirirán para a súa eficacia a aceptación por parte dos Concelleiros/as delegados/as , sendo obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do concello , sen perxucio de que produza efectos desde o día seguinte ao da fecha desta Resolución, e se dará conta ao pleno na sesión extraordinaria que celebre ao



CONCELLO DE ARANGA

abeiro do artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais.

Cuarto : No que non prevea esta Resolución, será de aplicación a Lei Reguladora das Bases do Réximen Local e o citado Regulamento de Organización.

En Aranga, xoves 20 de xuño de 2019.O Alcalde-Presidente :Alberto Platas Álvarez.”

RESOLUCIÓN ASIGNACIÓN DE DEDICACIÓNS

EXPEDIENTE 2019/G003/000278

ANTECEDENTES:

En base ao acordo que se adopte polo pleno municipal, asino as seguintes dedicacións , de conformidade co establecido no artigo 75 da lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local,

RESOLVO:

Asinarme, como Alcalde- Presidente, o réxime de decicación exclusiva do meu cargo e asinar á concelleira D^a.Eva María Sánchez Brañas a dedicación parcial do 85% da xornada e ao concelleiro D.Jose Miguel Iglesias Ares a dedicación parcial do 50% da xornada.

En Aranga, luns 24 de xuño de 2019.O Alcalde/Presidente: Alberto Platas Álvarez”.

Os membros do pleno municipal quedan enterados do contido destas resolucións.

Ás 13:50 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Aranga, venres 28 de xuño de 2019

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE ARANGA

A secretaria, Ana María Ocampo Pérez-Gorostiaga

O alcalde, Alberto Platas Álvarez